

¿CANDO LER?

2

XUNTA DE GALICIA



Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Ilustración:

Óscar Villán

Idea e textos:

Colectivo *Acatrotintas*: Mayte Leis, Cristina Novoa,
Magdalena de Rojas, Juana Vázquez

Impresión:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

D.L.: C 636-2007

Dende ben pequenos, nenos e nenas identifican con precisión e sen necesidade de reloxo algunhas horas do día:

- A hora de ir á escola, cando, despois do almorzo, chega o momento de calzar os zapatos.
- A hora de comer, cando a fame fai un buraquiño na barriga.
- A hora de merendar, cando a nai ou o pai chaman por eles no parque cun plátano na man e un iogur na outra.
- A hora do baño, cando, despois de dar moitas voltas, non lles queda máis remedio ca recoller os xoguetes.
- A hora de durmir, que adoita coincidir coa hora dos mimos.

Os adultos **CONTAMOS MOITO** na organización dese reloxo sen números no que atendemos as necesidades básicas das nenas e dos nenos. A **HORA DE LER** pode estar presente no horario particular de cada familia. Cómpre axudarlles a recoñecer e a reclamar un tempo diario para esta actividade:

- Cando toca coller os contos.
- Cando apetece facer algo xuntos.
- Cando a un lle apetece estar só.
- Cando queremos soñar con novas historias ou xogar con palabras novas.
- Cando queremos saber máis.



Todos os días podemos atopar un momento para compartir lecturas cos máis pequenos. Paulatinamente, as nenas e os nenos irán incorporando esta actividade na súa vida cotiá. Este é o único xeito de iniciarse no hábito lector.

A noite é un **momento** moi axeitado para os contos, lidos ou contados. É unha hora apropiada para o misterio e a maxia das historias e para a complicidade, ademais de que a lectura é unha boa preparación para o sono.

Pero, ao longo do día, hai outros momentos nos que a lectura pode estar presente. Tempos para a calma, o silencio, a aprendizaxe ou a actividade compartida. Tempos para o xogo verbal, a lectura de imaxes ou a busca de información. Cada familia saberá recoñecer estes momentos: despois de comer, antes da cea, cando chove moito, nas viaxes longas...

Actividades de lecer que favorecen outro tipo de lecturas son as visitas a exposicións, parques naturais ou feiras, as saídas ao cine, as viaxes, etc. Folletos e mapas, a carteleira ou os catálogos son, entre outros moitos, textos interesantes para unha lectura informativa.

Un momento esencial na escola é a **HORA DO CONTO**. Normalmente, é un tempo para a narración e a lectura en voz alta, un tempo para coñecer os libros novos que chegan á escola, para falar e xogar cos personaxes dos contos, coas rimas e coas imaxes. Pero a lectura aparece noutros momentos, ben por iniciativa do profesorado, porque as prácticas educativas así o requiren, ou porque os propios nenos a reclaman. Irán, deste xeito, gañando autonomía como lectores a medida que vaian acadando as habilidades precisas e seguindo os **modelos** de quen os acompaña.

Esta viaxe **comeza dende o nacemento**, cos cantos de berce, rimas e xogos, e continúa coas narracións e as lecturas axeitadas a cada idade, nun proceso que non debe cortarse para unha consolidación posterior do hábito lector.



¿CANDO LER?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

Bibliotecas
escolares
de Galicia

